

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 18.05.2017      Hora: 16:00

A Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 18 de maio de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Preguntas orais en Comisión**

- 1            3759 (10/POC-000628)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
              Sobre a actuación polo Goberno galego en relación coa oferta pública de prazas na Rede de escolas infantís  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017*
  
- 2            5235 (10/POC-000900)  
              Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
              Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis  
              Sobre o número de prórrogas no servizo activo concedidas pola Consellería de Sanidade aos profesionais do Sergas desde a adopción do acordo de flexibilizar a súa política de xubilación, así como as súas previsións respecto da ampliación a un ano máis da aplicación desa medida  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017*
  
- 3            7072 (10/POC-001222)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Vázquez Verao, Paula e 2 máis  
              Sobre o orzamento e cronograma previsto polo Goberno galego nos vindeiros anos para garantir a prestación de asistencia persoal e tecnolóxica ás persoas con diversidade funcional e o número actual de persoas usuarias desa prestación en Galicia, así como o das potenciais  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*
  
- 4            7375 (10/POC-001279)  
              Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
              Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
              Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da defensa de Galicia como sede da Axencia Europea do Medicamento, a súa opinión en relación coa fundamentación da probable decisión do Goberno central de apoiar o seu traslado a Barcelona e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*
  
- 5            7697 (10/POC-001340)  
              Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
              García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre o desenvolvemento que se está a facer en Galicia do proxecto Draw the line , Debuxa unha liña, de formación e empoderamento de mulleres inmigrantes para previr a violencia sexual e o acoso, financiado pola Unión Europea dentro do programa Daphne III

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*

- 6                    8463 (10/POC-001496)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Consellería de Política Social en relación co aumento das denuncias referidas ás condicións laborais do persoal dos centros de atención directa dependentes dela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017*
- 7                    8623 (10/POC-001521)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre o pechamento de camas, a derivación de doentes á sanidade privada e a escasa substitución do persoal durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia nos eidos asistencial e laboral, así como os criterios seguidos e os datos ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017*
- 8                    8642 (10/POC-001524)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as razóns da demora do Goberno galego na posta en marcha das medidas reflectidas no acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 para a mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.05.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.1 3759(10/POC-000628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a actuación polo Goberno galego en relación coa oferta pública de prazas na Rede de escolas infantís

*Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017*

### Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas.

Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X Lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos.

Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e dismantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

Ademais incrementou os prezos das escolas infantís públicas de xeito escandaloso, dificultando o acceso ás prazas das mesmas para as persoas con poucos recursos ata o punto de que nalgúns concellos de Galicia xa resulta “máis económico” levar a nenos e nenas a escolas privadas que a centros públicos.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é na actualidade en Galicia a rateo praza en escola infantil por cada 100 nenos/nenas de idades comprendidas entre 0-3 anos?
2. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementaron durante o curso 2016-2017, cantas corresponden a centros de iniciativa pública?
3. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementaron durante o curso 2016-2017, cantas corresponden a centros de iniciativa privada con ánimo de lucro?
4. Segundo as previsións da Xunta de Galicia, cal vai ser o incremento do número de prazas en escolas infantís para o vindeiro curso 2017-2018?
5. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementen no vindeiro curso, cántas van a corresponder a centros de iniciativa pública?
6. Cantos centros e número de prazas en escolas infantís de iniciativa privada con ánimo de lucro vai financiar o Goberno galego no curso 2017-2018?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar os prezos que as familias teñen que pagar polas prazas nas escolas infantís para reducir as actuais contías?

Pazo do Parlamento, 19 de xaneiro de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/01/2017 12:44**  
**Nº Rexistro: 3759**  
Data envío: 19/01/2017 12:44:37.745



---

 Grupo Parlamentario

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 19/01/2017 12:41:17**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela na data 19/01/2017 12:41:22**

---

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.2 5235(10/POC-000900)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis

Sobre o número de prórrogas no servizo activo concedidas pola Consellería de Sanidade aos profesionais do Sergas desde a adopción do acordo de flexibilizar a súa política de xubilación, así como as súas previsións respecto da ampliación a un ano máis da aplicación desa medida

*Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017*



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/02/2017 11:36**  
**Nº Rexistro: 5235**  
Data envío: 16/02/2017 11:36:03.186

#### **A Mesa do Parlamento**

**Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e Soraya Salorio Porral**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No pasado mes de maio de 2016 a Consellería de Sanidade constatou a necesidade de adecuar ás novas necesidades asistenciais e organizativas, a política de xubilación dos profesionais do sistema sanitario público de Galicia.

En efecto, consideradas as directrices marcadas pola Unión Europea en materia de prolongación da vida activa, a normativa española da Seguridade Social, así como a necesidade de dar resposta ás demandas asistenciais da poboación, que esixe da constante dispoñibilidade de profesionais, acordou, no marco da normativa vixente, flexibilizar a política de xubilación, concedendo aos profesionais a posibilidade de prorrogar a súa actividade profesional en servizo activo máis aló do cumprimento da idade regulamentaria de xubilación.

Estándose a cumprir un ano desde a adopción da medida, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cantas prórrogas no servizo activo foron concedidas no SERGAS desde a adopción da medida de flexibilización da prórroga no servizo activo?
2. Ten pensado a Consellería de Sanidade prolongar un ano máis a aplicación desta medida de flexibilización?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/02/2017 11:36  
Nº Rexistro: 5235  
Data envío: 16/02/2017 11:36:03.186**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/02/2017 11:33:18**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 16/02/2017 11:33:27**

**María Ángeles García Míguez na data 16/02/2017 11:33:33**

**Marta Rodríguez Arias na data 16/02/2017 11:33:41**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/02/2017 11:33:49**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/02/2017 11:33:59**

**María Soraya Salorio Porral na data 16/02/2017 11:34:14**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3 7072(10/POC-001222)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre o orzamento e cronograma previsto polo Goberno galego nos vindeiros anos para garantir a prestación de asistencia persoal e tecnolóxica ás persoas con diversidade funcional e o número actual de persoas usuarias desa prestación en Galicia, así como o das potenciais

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Carmen Santos Queiruga e Luís Villares Naveira**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>, relacionada coa prestación de Asistente Persoal para garantir o dereito á vida independente das persoas con diversidade funcional.

A vida independente é a filosofía que propugna para as persoas con diversidade funcional o dereito a exercer o maior control posíbel sobre as súas vidas, permitíndolles a integración na comunidade, do mesmo xeito que calquera persoa, para o cal os Estados han de proporcionar distintos xeitos de apoio e asistencia que o fagan posíbel.

A lexislación internacional recoñeceu o dereito á vida independente como dereito humano na Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade no artigo 19, en 2006, ratificada polo Estado Español en 2007, e de obrigado cumprimento dende maio de 2008. O propósito da Convención é garantir a dignidade de todas as persoas con discapacidade e a súa participación e integración na sociedade, para o cal os Estados están obrigados a adoptar as medidas necesarias.

Ademais, no Informe da Relatora Especial da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade publicado recentemente, sinálase que “os Estados deben deseñar arranxos e servizos de apoio que dean ás persoas con discapacidade a posibilidade de elixir e exercer o control de forma directa”, indicando que “a miúdo, os servizos existentes incumpren esta norma”.



Entre os medios que posibilitan a vida independente das persoas con diversidade funcional está a asistencia persoal, que consiste na contratación dunha ou máis persoas, en función das necesidades individuais, quen como asistente persoal, na súa xornada laboral, facilita á persoa usuaria o desenvolvemento das tarefas da vida cotiá que lle permitan desenvolverse autonomamente a todos os niveis, tanto na vida persoal como na laboral, cívica ou política, garantindo así o principio de igualdade de oportunidades.

O recoñecemento da asistencia persoal como un mecanismo de apoio para poder garantir a autonomía das persoas con diversidade funcional foi asumido polo Estado Español na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia (artigo 19).

O 14 de febreiro de 2007, o Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade unha PNL que instaba a poñer en marcha o servizo de asistencia persoal e tecnolóxica en Galicia, como apoio imprescindible para as actividades da vida diaria das persoas con diversidade funcional que queren autoxestionar as súas vidas.

Na actualidade, no noso País, a asistencia persoal non corresponde co modelo validado polas comunidades locais nin internacionais orixinadoras desta figura, e prescríbese como unha axuda a domicilio estendida fóra do fogar, cun horario de cobertura que resulta insuficiente para garantir unha vida independente ás persoas beneficiarias. Ademais, como usuarias, as persoas con diversidade funcional teñen que xestionar o servizo a través de entidades sociais como intermediarias, o que non garante a autoorganización, e mediante unha figura laboral non acorde coas funcións desta profesión en lugar de permitir a configuración mais axeitada aos intereses de persoas usuarias e empregadas.



Deste xeito, unha medida empoderadora e vangardista, dez anos despois ten un desenvolvemento parcial e testemuñal.

A Xunta aposta, na atención á diversidade funcional, polo modelo asistencialista fronte á autoorganización das persoas con diversidade funcional, seguindo a dinámica histórica de reclusión e cousificación destas persoas. Así, a realidade é que a maioría de persoas con diversidade funcional –mesmo tendo concedida esta prestación nos actuais termos- non poden acceder a unha vida independente en comunidade.

Unha sociedade socialmente xusta debe garantir ás persoas con diversidade funcional o dereito ao control da propia vida e ao desenvolvemento desta do xeito máis autónomo posíbel, implementando políticas centradas na persoa usuaria.

Priorizar a asistencia persoal sobre a institucionalización forzada ou inducida en centros ou o coidado no entorno familiar significa dignidade e autonomía para as persoas con diversidade funcional, así como postos de traballo dignos -que xeran maior retorno económico que a construción e mantemento de prazas en centros- e menos carga de coidados para as mulleres, que son quen fundamentalmente asumen as carencias do Estado social.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>

1.- Que orzamento e cronograma ten previsto a Xunta nos vindeiros anos para garantir a prestación de Asistencia Persoal e tecnolóxica a persoas con diversidade funcional?

2.- Cantas persoas son usuarias, actualmente, en Galicia da prestación de Asistencia Persoal?





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/03/2017 10:45  
Nº Rexistro: 7072  
Data envío: 27/03/2017 10:45:29.388



3.- Cantas persoas identifica a Xunta como potenciais usuarias da prestación de Asistencia Persoal?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Luís Villares Naveira

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 27/03/2017 10:40:22**

**Carmen Santos Queiruga na data 27/03/2017 10:40:31**

**Luis Villares Naveira na data 27/03/2017 10:40:41**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.4 7375(10/POC-001279)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do mantemento da defensa de Galicia como sede da Axencia Europea do Medicamento, a súa opinión en relación coa fundamentación da probable decisión do Goberno central de apoiar o seu traslado a Barcelona e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*



## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Axencia Europea do Medicamento (EMA, polas siglas en inglés), é un organismo dependente da Unión Europea que mantíña, ata o de agora, a súa sede en Londres. Traballan para este organismo preto de 900 persoas, e manexa un orzamento de en torno aos 300 millóns de euros anuais, practicamente todo obtido de maneira autónoma polas súas funcións, sen necesidade de financiamento de fondos europeos.

A súa actividade constante provoca que pasen pola súa sede máis de 35.000 persoas ao ano, entre congresos, actividades, visitas e labores propias das súas funcións. Algúns estudos apuntan que desta actividade dependen, de maneira directa, 15.000 reservas hoteleiras anuais para a cidade da sede da EMA.

Entre as funcións deste organismo está o análise de medicamentos que deriva na posibilidade de comercialización. A súa relevancia e impacto no sistema sanitario é obviamente enorme.

Coa saída de Gran Bretaña da Unión Europea, a EMA trasladará a súa sede a outro lugar de Europa, como xa foi confirmado pola UE. Foi coñecida publicamente a intención do Goberno galego de atraer esta sede para Galicia, o que suporía un importante impacto económico e de referencia sanitaria a nivel comercial e investigador para a nosa comunidade. Non entanto, o presidente do Goberno de España Mariano Rajoy vén de expoñer a idea de defender a sede de Barcelona para este traslado, o que supón un portazo ás intencións declaradas polo Goberno galego.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai manter o Goberno galego a defensa de Galicia como sede da Axencia Europea do Medicamento?
2. Considera o Goberno galego que a probable decisión de que o Goberno de España apoie o traslado da EMA para Barcelona está sostido en criterios de eficiencia, sanitarios, ou en criterios políticos sobre a relación de Cataluña co resto de España?
3. Considera o Goberno galego que esta decisión encaixa dentro da proclamada política de non concesións a Cataluña por intereses políticos que promove o Goberno de España e o presidente de Galicia Alberto Núñez Feijoo?
4. Como valora o Goberno galego a decisión de non considerar a Galicia como opción para ser sede da EMA? É aceptable esta postura do Goberno de España dentro da posición política do presidente da Xunta de Galicia sobre a relevancia de Galicia no conxunto de España?
5. Que medidas vai tomar o Goberno galego para manter e defender a candidatura de Galicia como sede da EMA?

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Juan Manuel Díaz Villoslada  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 30/03/2017 17:07**  
**Nº Rexistro: 7375**  
Data envío: 30/03/2017 17:07:59.781



---

 **Grupo Parlamentario**

**Julio Torrado Quintela na data 30/03/2017 17:06:31**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 30/03/2017 17:06:43**

**Noela Blanco Rodríguez na data 30/03/2017 17:06:50**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.5 7697(10/POC-001340)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre o desenvolvemento que se está a facer en Galicia do proxecto Draw the line, Debuxa unha liña, de formación e empoderamento de mulleres inmigrantes para previr a violencia sexual e o acoso, financiado pola Unión Europea dentro do programa Daphne III

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/04/2017 13:48  
**Nº Rexistro: 7697**  
Data envío: 06/04/2017 13:48:27.360

### Á Mesa do Parlamento

Marian García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Nuñez Centeno, Soraya Salorio Poral e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Xunta de Galicia, participa no proxecto "DRAW THE LINE": Formación e empoderamento de mulleres inmigrantes para previr a violencia sexual e o acoso. Trátase dun proxecto financiado pola Comisión Europea no marco do Programa Daphne III, que apoia dende 1997 proxectos dirixidos a combater e previr a violencia contra as mulleres, nenos, nenas e mocidade.

Con esta iniciativa preténdese marcar un cambio a través do empoderamento de mulleres inmigrantes que fixeron de Europa o seu novo fogar. Este obxectivo acadarase a través de accións de información e formación que permitan a esas mulleres ter a mesma responsabilidade sobre a súa vida que calquera outra muller europea na salvagarda do seu honor e a súa liberdade.

O proxecto está sendo executado por organizacións asociadas en seis países europeos: Austria, Bulgaria, España, Polonia, Reino Unido e Grecia. Entre as súas actuacións inclúe accións de sensibilización, capacitación e formación dentro das diversas comunidades de inmigrantes. Trátase tamén de apoiar a estas mulleres para que se erixan nas súas propias defensoras e formalas para que se convertan en líderes na súa comunidade, de xeito que creemos un programa sostible que faga fronte ás necesidades das mulleres inmigrantes que viven nun contexto europeo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Pregunta Oral en Comisión:**

Como se está a desenvolver en Galicia o PROXECTO DRAW THE LINE (DEBUXA UNHA LIÑA) dirixido a mulleres inmigrantes dentro da INICIATIVA COMUNITARIA DAPHNE III?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2.017

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/04/2017 13:48  
Nº Rexistro: 7697  
Data envío: 06/04/2017 13:48:27.360**

**María Ángeles García Míguez na data 06/04/2017 13:45:22**

**Paula Prado Del Río na data 06/04/2017 13:45:49**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2017 13:46:10**

**Marta Rodríguez Arias na data 06/04/2017 13:46:24**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/04/2017 13:46:46**

**María Soraya Salorio Porral na data 06/04/2017 13:47:10**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/04/2017 13:47:30**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/04/2017 13:47:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.6 8463(10/POC-001496)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración e as actuacións previstas pola Consellería de Política Social en relación co aumento das denuncias referidas ás condicións laborais do persoal dos centros de atención directa dependentes dela

*Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández**, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.<sup>a</sup>**, en relación as condicións laborais do persoal dos centros dependentes da Consellería de Política Social.

As denuncias sobre saturación, sobreesforzo, estrés e falta de descanso do persoal dependente da consellería de política social que traballa nos centros de atención directa, tales como as residencias de maiores ou os Centros de Atención a Persoas Dependentes, están aumentando de xeito alarmante.

A Consellería de Política Social concentra un dos índices mais elevados de accidentes laborais, sendo a metade destes, por motivos que teñen que ver cunha sobrecarga de traballo pola falta de persoal. As ratios oficiais non teñen en conta as peculiaridades na atención que presenta as persoas residentes destes centros, polo que non se axuntan ao persoal necesario nos mesmos.

En residencias grandes, como pode ser por exemplo a de Oleiros, nas quendas de noite unicamente contan en cada unidade cunha auxiliar e unha enfermeira para atender aos 44 pacientes da unidade, os cales atópanse nunha ampla maioría, cun grado elevado de dependencia. Durante o día, a situación tampouco mellora pasando a ser 5 as auxiliares de enfermería que de 8 a 10 da mañá deben asear, vestir e dar de comer á maioría das persoas residentes da súa unidade.

Neste sentido, tamén chama a atención a falta de persoal en fisioterapia ou terapia ocupacional, profesionais moi necesarias que non só mellorarían a calidade de vida das persoas usuarias dos centros si non que tamén facilitarían o traballo do resto das profesionais.



A Xunta, leva varios anos anunciando a convocatoria de Ofertas de Emprego Público das que solo foi realizada algunha para persoal funcionario e ningunha para persoal laboral.

Todas estas circunstancias, deben unirse co aumento da demanda de persoas que necesitan da asistencia neses centros, os cales contan cunha ocupación do 100% e importantes listas de espera.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión**

- Que valoración fai a Consellería de Política Social no aumento das denuncias sobre saturación, sobreesforzo, estrés e falta de descanso do persoal que traballa nos centros de atención directa da Consellería?
- Ten pensado a Consellería negociar as carteleiras rectificando a práctica de impor quendas abusivas e sen negociación como foi recoñecido en sentenzas xudiciais sobre carteleiras de anos anteriores?
- Comprométese a Consellería a cubrir todas as baixas médicas e vacacións para evitar a falla de persoal e a sobrecarga de traballo nos centros?
- Ten pensado a Consellería de Política Social a convocatoria das Ofertas de Emprego Público?
- Ten pensado a Consellería executar os procesos pendentes de consolidación?
- Vai a Consellería atender a demanda que existen en relación á creación de centros públicos?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/04/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 8463**  
Data envío: 28/04/2017 14:14:04.667

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 28/04/2017 14:10:41**

**Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 18.05.2017**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.7 8623(10/POC-001521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o pechamento de camas, a derivación de doentes á sanidade privada e a escasa substitución do persoal durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas, a súa incidencia nos eidos asistencial e laboral, así como os criterios seguidos e os datos ao respecto

*Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2017 13:36  
Nº Rexistro: 8623  
Data envío: 04/05/2017 13:36:27.680

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao peche de camas hospitalarias durante os meses de verán.

A Xunta do Partido Popular persiste na súa política de peche de camas nos centros hospitalarios da rede pública de Galiza durante os meses de verán.

O peche de camas ten moi graves consecuencias tanto no eido asistencial como no eido laboral.

No eido asistencial esta decisión vai significar unha maior dificultade ao acceso ás prestacións sanitarias por parte da poboación galega, aumento das listas de espera, saturación dos servizos de urxencias e unha moi importante repercusión na presión sobre @s profesionais sanitari@s para reducir o número de ingresos e rebaixar as estancias hospitalarias así como no emprego do sector sanitario. A conclusión final será máis derivacións de doentes a centros hospitalarios privados.

No eido laboral vai significar o aumento do desemprego do persoal sanitario, porque estas camas pechadas inciden tamén no desmantelamento do emprego público, impedindo o acceso ao emprego d@s miles de traballador@s que están inscritos nas listas de contratación.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 13:36**  
**Nº Rexistro: 8623**  
Data envío: 04/05/2017 13:36:27.680

Máis unha vez a Consellaría de Sanidade prioriza os recortes na vez das necesidades de asistencia sanitaria d@s galeg@s, a precarización fronte á calidade asistencial.

O Bloque Nacionalista Galego considera indecente realizar o peche de camas cando hai miles de galegos e galegas en listas de espera, miles de profesionais nas listas de contratación, e cando se privatizan continuamente servizos e se derivan sistematicamente doentes á sanidade privada.

Por estas razóns, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Considera o Goberno galego que defende a sanidade pública de Galiza pechando camas durante os catro meses de verán, mentres privatiza servizos e deriva doentes sistematicamente á sanidade privada?

-Cantos profesionais, desglosados por categorías, vai contratar o Sergas para cubrir as vacacións do persoal?

-Vai seguir derivando doentes á sanidade privada mentres ten pechado camas na sanidade pública?

-Que valoración fai a Consellaría da repercusión negativa no emprego sanitario, da escasa substitución de persoal no verán?

-Ten avaliado o Goberno galego a repercusión do peche de camas nas xa moi avultadas listas de espera do Sergas?

-Como vai afectar este peche tan importante de camas nos servizos de urxencias?



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 13:36**  
**Nº Rexistro: 8623**  
Data envío: 04/05/2017 13:36:27.680

-Cales son as especialidades que máis se van a ver afectadas por esta medida?

-Cales son os servizos, en cada hospital, nos que se pecharon camas e cales foron os criterios para tomar a decisión?

-Cal vai ser o aforro previsto con esta medida?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 13:34:06**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 13:34:12**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 13:34:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 13:34:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 13:36**  
**Nº Rexistro: 8623**  
Data envío: 04/05/2017 13:36:27.680

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 13:34:22**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 13:34:25**

Reunión da Comisión 5.<sup>a</sup>, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 18.05.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.8 8642(10/POC-001524)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na posta en marcha das medidas reflectidas no acordo parlamentario do 22 de abril de 2015 para a mellora da atención sanitaria á doenza da endometriose

*Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 16:39**  
**Nº Rexistro: 8642**  
Data envío: 04/05/2017 16:39:11.195

### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á efectivización de medidas sobre a endometriose.**

A endometriose é unha doenza crónica que se caracteriza polo crecemento do tecido do endometrio fóra da súa localización habitual, a mesma afecta en Galiza a unhas 60.000 mulleres.

O descoñecemento sobre esta doenza segue a ser alto, entre as propias mulleres, mais tamén entre moitas profesionais da sanidade, por esta razón a asociación “querENDO” trasladounos aos grupos con representación no Parlamento galego unha iniciativa en demanda de medidas tanto para abordar a enfermidade como para a súa visibilización e coñecemento. Deste xeito a comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrado o 22 de abril de 2015 aprobou por unanimidade a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia e, en particular, a Consellería de Sanidade, a:

1. Difundir a Guía de cuidados a mulleres con endometriose publicada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, entre os profesionais e as profesionais sanitarias que atenden a estas mulleres (persoal de xinecoloxía, persoal de medicina en atención primaria, persoal de enfermaría,



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 16:39**  
**Nº Rexistro: 8642**  
Data envío: 04/05/2017 16:39:11.195

matronas e matrones...) co fin de mellorar a atención que reciben as enfermas con endometriose.

2. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de poñer en marcha un Plan de detección precoz da endometriose.

3. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de levar a cabo a de unidades de endometriose especializadas e multidisciplinares nos hospitais públicos de Galicia.

4. Crear un grupo de traballo multidisciplinar no prazo de seis meses para avaliar a posibilidade de facilitar as derivacións das pacientes con endometriose grao IV a unidades especializadas, incluíndo outras áreas sanitarias (mesmo fóra de Galicia) mentres non as haxa na área propia da doente ou as existentes non poidan asumir todos os casos.

5. Fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos.

6. Transmitir aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia a necesidade de fomentar a investigación sobre a endometriose.”

Tendo transcorrido dous anos desde a aprobación da iniciativa, os avances na posta en marcha das medidas contempladas na mesma son moi escasas, por esa razón fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 16:39**  
**Nº Rexistro: 8642**  
Data envío: 04/05/2017 16:39:11.195

Cal é a razón para que a Consellaría de Sanidade non teña posto en marcha todas as actuacións referidas á endometriose, aprobadas por unanimidade, na comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na súa sesión do 22 de abril de 2015?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 16:36:21**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 16:36:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 16:36:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 16:36:34**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 16:39**  
**Nº Rexistro: 8642**

Data envío: 04/05/2017 16:39:11.195

**Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 16:36:35**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 16:36:40**